

# Unha Cala no Tratamento dos Grupos Consonánticos Heterosilábicos iniciados por /b/ no Galego medieval e no Galego Medio\*

RAMÓN MARIÑO PAZ  
(Universidade de Santiago de Compostela)

## 1. Limiar.

Son aínda hoxe moi numerosos os aspectos do desenvolvemento histórico das diversas estruturas da lingua galega que precisan de demorados estudos de detalle que estean atentos sobre todo á exposición ordenada e rigorosa dos datos que poidan tirarse das diversas fontes dispoñibles, mais sen por iso renunciar á explicación e á interpretación. No cido da lingüística histórica galega -e da lingüística galega en xeral- cómprennos aínda na actualidade moitos traballos simplemente descritivos que, desde a súa humildade, vaian facendo posible un coñecemento exacto do noso idioma nos seus distintos sistemas e subsistemas, nos seus distintos períodos históricos, nos seus diversos autores e obras, nos seus distintos rexistros e, en suma, en toda a súa variedade. Só a partir deste tipo de traballos se poderán elaborar obras interpretativas de amplo alcance ou sínteses de diferente tipo.

Non escapa a esta necesidade global a nosa fonética histórica, por máis que nela se teña traballado algo máis ca noutras disciplinas. Unha parte considerable do que sobre esta materia se leva publicado non se basea en estudos de pormenor necesarios pero ata o de agora inexistentes, senón que comunmente se apoia en obras dedicadas ó portugués ou ó castelán pero que poden, evidentemente, ofrecer orientacións acerca do acontecido en diversos aspectos da fonética histórica galega. É, pois, o momento de avanzarmos con decisión e continuidade nesta liña de realización de traballos de corte descritivo, e é isto precisamente o que pretendo facer con esta modesta comunicación.

\* Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación denominado *Gramática histórica da lingua galega*, posto en marcha polo Instituto da Lingua Galega coa subvención económica da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

O estudo histórico do tratamento recibido polos grupos consonánticos en galego deberíase abordar nun amplo traballo que distínguese, claro está, os grupos homosilábicos e heterosilábicos e que detallase con todo o rigor posible non soamente a súa evolución na fala galega ó longo do tempo, senón tamén cuestións tan importantes e apaixonantes coma o do seu tratamento na lingua escrita, e especialmente na época moderna, pois en situacións de contacto e dominio lingüístico coma a nosa cobran especial relevo as diferencias que en toda comunidade lingüística separan a expresión oral da expresión escrita. Mais nesta ocasión, e por motivos obvios, o alcance da miña achega débese reducir ós límites propios dunha breve comunicación, polo que me vexo obrigado a introducir dúas enormes restricións sobre o ambicioso plano de estudos que acabo de bosquejar. A primeira de tales restricións operará sobre o corpus seleccionado para a análise: limitareime a sondear algunhas fontes da Idade Media e da Idade Moderna tentando facer unha cala que, se non será exhaustiva, si pode polo menos resultar representativa ou indicativa. A segunda restrición operará sobre o obxecto de estudo, de maneira que só recollerei os resultados dos grupos consonánticos heterosilábicos iniciados por /b/.

Coído que é evidente que para analiza-lo desenvolvemento histórico dos grupos consonánticos heterosilábicos convén moverse no marco da estrutura da sílaba, atendendo ás posibilidades e ás restricións combinatorias observables na súa composición, e nomeadamente na súa coda. O galego ten en xeral unha tendencia a consagrar un tipo silábico composto por consoante seguida de vocal e a evitar na coda, entre outros elementos, as consoantes oclusivas orais: por iso en moitos casos triunfou (a través de procesos fonéticos coma a asimilación, a vocalización ou o simple enmudecemento) a relaxación e mesmo a desaparición das consoantes oclusivas implorivas dos grupos consonánticos situados a cabalo dunha fronteira silábica. Claro está que estas tendencias non son exclusivas do noso romance galego, senón compartidas por multitude de linguas: se non é universal, si parece polo menos estar moi estendida a preferencia polas sílabas compostas por consoante máis vocal, pois a secuencia C(onsoante)-V(ocal) / C-V / C-V revélase como moi cómoda para os órganos de fonación humanos. Engádesse a isto o feito contrastado de que en xeral tódalas consoantes implorivas se articulan debilmente e percíbense con certa dificultade: así, ó tratamento que a moitas delas lles teñen dado o galego, o portugués, o castelán e outras linguas románicas poderíasele agrega-lo dato da perda das oclusivas xordas en posición final de palabra que experimentaron no pasado o chinés e o maorí e que, no mesmo día de hoxe, están experimentando variantes do inglés británico tales coma o *cockney* ou a fala de Glasgow (cf. Aitchinson 1993: 142-144). En suma, semella moi estendida a tendencia a relaxa-las consoantes implorivas finais mediante a eliminación do momento da saída brusca do aire ó exterior. Nestas condicións, resulta moi probable que nos grupos consonánticos heterosilábicos con consoante oclusiva en posición imploriva triunfen as asimilacións exercidas pola consoante explosiva sobre a que a precede.

## 2. Galego medieval.

Consultarei fundamentalmente dúas fontes: a tradución galega da *Primera Crónica General* e da *Crónica de Castilla* (de aquí en diante, CG)<sup>1</sup> e o libro de notas de Álvaro Pérez, datable na segunda metade do século XV (cf. Tato Plaza 1994). Servireime ademais de Lorenzo (1977) e de Lorenzo (1968) para recoiler e valorar datos provenientes doutros documentos escritos da nosa Idade Media.

Na CG teñen presenza notable as formas en que se observa a desaparición do /b/ implosivo (quizais tras un proceso de asimilación) cando este formaba parte de grupos consonánticos heterosilábicos primarios nos que a segunda consoante era, coma a anterior, oclusiva. Isto é o que acontece nos casos de *aturar* (< lat. OBTURARE) e *aturadamente*, *soterrar* e *suterrar* (< lat. \*SÜBTERRARE) ou *sotil* (< lat. SÜBTILE). Verbo dos descendentes de \*SÜBTERRARE no dito texto imponse dicir que o que máis frecuentemente aparece é *soterrar*, mentres que *suterrar* só se dá nunha ocasión e, pola contra, ocorre nunha proporción nada desdeñable a forma alatinada *subterrare*. No galego medieval é común *soterrar*, pero empréganse tamén as outras dúas variantes mencionadas. Na CG temos ademais unha ocorrencia de *soterramento*, que é o normal na época. Tamén o son *sotil* e *sotilmente*, resultados que, así e todo, conviven con minoritarias formas de carácter máis culto coma *sutil* e *subtil*. É distinto o caso de *subriir* 'sorrir' (< lat. SÜBRIDERE), xa que, aínda que nel cabe falar en principio de grupo consonántico heterosilábico debido á condición de prefixo que tiña o latín SUB-, o tipo de consoante que abría a sílaba seguinte facilitaba a súa conversión en grupo homosilábico e, por conseguinte, o mantemento de /b/; así e todo, dado que a forma normal na Idade Media é *sorriir*, inclínome a pensar que nese *subriir* temos en realidade un *surriir* de aspecto alatinado. Respecto das tendencias latinizantes na escrita, téñase presente que na documentación galega da época medieval hai variación entre *sub*, *su*, *sob* e *so* (< lat. SÜB), aínda que a máis corrente é a cuarta das citadas.

O grupo primario -BSC- adoitou reducirse tamén coa perda do /b/ implosivo, que tal vez resultase asimilado pola consoante aproximante que o seguía ou tal vez simplemente se elidiu ó non ser facilmente articulable nesa posición. Na CG atopamos *asconder(se)* (< lat. ABSCONDERE), *ascondudo* e *ascondudamente*; nesta familia de palabras o normal nos textos galegos da época era a eliminación de /b/, pero Lorenzo (1977: s.v.) cita formas alatinadas (*absconder*, *abscondido*) en dous textos portugueses: o *Fuero Real* e a *Demanda do Santo Graal. Escuro* (< lat. OBSCURU), *escuridade* (< lat. OBSCURITATE), *escureçer*, *escureza* son así mesmo formas habituais en galego medieval desde o XIII. Idéntico tratamento, plenamente románico, é o que advertimos no substantivo das locucións adverbiais *a escusa*, *a escusa* e *en escuso* 'secretamente, ás escondidas' (< lat. ABSCONSU, participio de ABSCONDERE), utilizadas na CG.

É revelador o *subtijnna* 'sostiña' que se le na CG (é dicir, con *subtēer* no canto do normal *sostēer*, do latín SUSTINERE), pois esta confusión fala do gusto por manter incólume na escrita o prefixo latino SUB- cando na fala o habitual sería arromancealo en *so-*. Hai que dicir exactamente o mesmo verbo de *subpultura(s)*, que na CG aparece alternando con *sepultura*, *sopultura* e *supultura* (< lat. SEPULTURA) e doutras hipercorreccións do estilo destas que non son en absoluto raras na nosa documentación medieval (cf. Lorenzo 1968, Tato Plaza 1986, Tato Plaza 1994): *abçōos* 'accións', *abdiñcia* e *obdiñcia*, *abto*, *abtora*, *abtoridade*, *abtorisados*, *açebtó*, *cahsar* 'causar', *contrabto*, *sobçesores* e *subçesores*, etc. Estas hipercorreccións semellan abundantes en textos de carácter notarial, pero, desde logo, non son exclusivas deles: a inercia latinizadora, cos seus excesos hipercorrectos, traspasa en realidade toda a Idade Media e todo o conxunto da escritura que nela se produciu.

No libro de notas de Álvaro Pérez (séc. XV) (cf. Tato Plaza 1994) hai unha evidente vontade de mante-lo grupo culto inalterado cando este era primario, o que mesmo leva en moitas ocasións a graffías hipercorrectas coma as que acabo de sinalar. Temos nel *absente* (< lat. ABSENTE) e *absentarse*, que xa ocorrían en documentos galegos de 1416 a 1422 a par de *ausentarse* (cf. Tato Plaza 1986: s.v.). Tamén é constante Álvaro Pérez no mantemento do grupo consonántico nos casos de *absoluer* (< lat. ABSOLVERE), *absoluçõ* e *absoluçõ*; en realidade, formas coma *absolucion*, *absoliçõn*, *absoluçõn* rexístranse polo menos desde o século XIV, pero tamén é certo que xa se usa *asolvede* nas *Cantigas de Santa María* (Lorenzo 1968, Tato Plaza 1986: s.v.). No mesmo libro notarial da segunda metade do século XV achamos *çebty*, xentilicio de *Cebta* (< árabe *sebtâ*); na CG temos *Ccepta* e *Çepta*, pero *Ceta* xa nas *Cantigas de Santa María*.

En troques, Álvaro Pérez é constante no tratamento patrimonial no caso das voces que se formaran co prefixo SUB-, para as que é probable que non tivese consciencia da súa forma latina: *sopée* 'sopé, somonte', *sopeñorar*, *sopoer*, *sosoby* 'sufragar'. É significativo, a este respecto, que este notario só use a solución *so* como descendente da preposición SUB. Tamén é constante no tratamento patrimonial do grupo (con eliminación da consoante implosiva) en *sostituýr* (< lat. SUBSTITUERE) e *sostituyto*; segundo Lorenzo (1968: s.v.), documéntanse *sostituýr* en 1484 e *sustituyto* en 1493.

A mesmas tres posibilidades (mantemento do /b/ implosivo, vocalización con resultado velar /u/ e eliminación) pódense detectar nos casos en que o grupo consonántico heterosilábico é de formación secundaria<sup>2</sup>. O adxectivo *cabedal* (< lat. CAPITALE) alterna desde o século XIII con formas con síncopa vocálica e mantemento do grupo consonántico secundario e formas con síncopa e vocalización en /u/ da consoante implosiva: *cabdal*, por exemplo, está nas *Cantigas de Santa María* (*cidade cabdal*) e *caudaes* e *coudaes* na *Crónica Troiana* (*rrios caudaes*, *serras coudaes*). O substantivo *cadal* (< lat. CAPITALE), con síncopa vocálica e eliminación da consoante implosiva (tal vez logo dun proceso asimilatorio coa dental explosiva), é solución característica dos textos galegos dos séculos

XIII e XIV, aínda que tamén se usou *cabedal*; *cabdal* aparece en documentos latinos, o que induce a pensar unha vez máis que neste tipo de formas o mantemento da consoante implosiva era meramente gráfico; apuntan neste mesmo sentido as formas *cabstra* e *castra* (< lat. CLAUSTRA), variantes de *caustra*.

*Çidade* e *çibdade* (< lat. CĪVĪTATE), xunto a *çidadão* e *çibdadão*, están ben documentadas na CG e ámbolos tipos de solución ocorren profusamente nos nosos textos medievais. O castelanismo *ciudade* documéntase polo menos desde o século XIV.

*Cobdellos* 'caudillos' (< lat. CAPĪTELLOS) emprégase unha única vez na CG, pois as formas comúns nela son *cabedel* e o seu plural *cabedees*. O manuscrito A<sub>1</sub> ofrece, en troques, á parte de *capitan* ou *capitam*, *cabdel*, *capitel*, *cabdēes* e *capitēes*. Segundo Lorenzo, as formas con síncopa da vocal pretónica e mantemento, cando menos gráfico, da consoante implosiva (*cabdelo*, *cabdel*) documéntanse desde o século XIII en textos galegos e portugueses, mentres que desde o XIV temos mostras doutros tratamentos posibles: mantemento da vocal pretónica sen se chegar a forma-lo grupo consonántico secundario (*cabedel*), vocalización en /u/ da consoante implosiva (*caudel*, *coudel* e os castelanismos *caudillo* e *coudillo*) e substitución de /b/ implosivo por un /l/ máis aceptable na coda silábica (*coldel*). Este último resultado débese relacionar co observable en *dulta* e *dulda* (< lat. DŪBITA) e nos correspondentes *dultar* e *duldar* e, así mesmo, con *judgar* (< lat. JUDĪCARE, a través de *jud'gar*). Na CG tamén se rexistran *acabdelar*, *acabdelado*, *acabedelado*, *escabdellado* e, con perda da consoante implosiva, *acadeladamente*; a este propósito Lorenzo recorda outros casos de duplicidade perfectamente parangonables con este: *recabedar* / *recadar*, *recabdo* / *recado*, *cabedal* / *cadal*. Formas con vocalización en /u/ como (a)*caudelar* e os castelanismos *acaudillar* e *acoudillar* hainas desde o XIII; na CG temos *descaudeladamente*.

*Duuidar* e *douidar* (< lat. DŪBITARE) son formas ben comúns na Idade Media, mais tamén se documentan outras seguramente non autóctonas: *dubdar* e, de aí, *dultar* e *duldar* (probables leonesismos) e o castelanismo *dudar*. Consecuentemente, usáronse tamén *dúuida*, *dóuida*, *dubda*, *dulda*, *dulta*, *dolta* ou *duda*. Maia (1986: 631) advirte un predominio das formas leonesas *dulda* e, sobre todo, *dulta* na colección de textos galegos que edita e estudia, pero tamén recolle *dubda* en documentos lugueses do século XV e o castelanismo *duda* en textos de finais do XV e do XVI.

En relación con *recabedar* e *recadar* (< lat. vg. RECAPĪTARE) hai que lembrar que, aínda que na CG aparece unha vez *rrecabedaria*, o habitual nela é *rrecadar*, solución documentada en galego desde o século XIII. Tamén se rexistra *recabdar* en galego medieval e, así mesmo, *recaudar*. Igualmente, aínda que na CG e no galego medieval en xeral é máis común *recado*, tamén se recollen casos de *recabdo*.

Cando o prefixo SUB- entrara a formar parte de voces latinas que, iniciadas por I- seguido de vocal, coñeceron a formación dun iode e posteriormente dunha consoante palatal nesa posición inicial, creo que se podería considerar que estabamos xa na Idade Media ante posibles grupos consonánticos heterosilábicos secundarios, cando menos de

tipo gráfico. Era, por exemplo, o caso de *subieyto* - *subiecto* - *subgeyto* - *sogeyto* (< lat. SUBJECTU), con cadansúa documentación na CG, de maneira que nesta tradución son algo máis numerosas cás arromanceadas as solucións de vocación latinizante; mais, realmente, na Idade Media documéntanse en proporcións estimables os dous tipos. Derivadas do latín lat. SUBJUGARE, lense na documentación medieval *sojugar* e *sujugar*, sen consoante implosiva; *subjugar* é cultismo tardío que xa aparece na *Corónica de Iria* (séc. XV): “toda a España [...] *subjugada* por los mouros” (in Lorenzo 1977: s.v.).

Igual ca cos primarios, cos grupos consonánticos secundarios iniciados por /b/ o libro de Álvaro Pérez (séc. XV) móstrase conservador: *çibdade*, *debdas* (a par de *déuedas*), *debdores* e *debdora*, *rrecabdar* e *rrecabdo* (cf. Tato Plaza 1994: s.v.).

As fontes manexadas e os datos que dela se tiraron non autorizan a sacar conclusións taxativas, pero cando menos parecen autoriza-la afirmación de que a documentación escrita da nosa Idade Media apunta a que na fala galega da época estaba ben asentada a tendencia espontánea a non conserva-los grupos consonánticos heterosilábicos iniciados por /b/, fosen estes primarios ou secundarios. Esa tendencia consumábase unhas veces eliminando a consoante implosiva (probablemente a través dun proceso que levaba a asimilala coa explosiva) e facéndoa vocalizar en /u/ noutras ocasións. Debido a limitacións articulatorias evidentes, o segundo dos tratamentos mencionados non se daba cando se estaba en presenza do prefixo SUB- (*soterrar* e *suterrar*, *sotil* e *sutil*, *sorriir* e *surriir*, *sostituír* e *sostituír*, etc.), probablemente porque a liquidación do /b/ implosivo viña xa de tempos en que aínda o Ū latino non se abriera en /o/. Idénticas restricións articulatorias impedían esta solución cando, nos grupos de formación secundaria, o /b/ implosivo estaba precedido da vocal velar de abertura mínima (*dubda*, *dulda*, *dulta*, *duda*), aínda que neste caso é razoable sospeitar influxo leonesizante ou castelanizante. En troques, este tratamento vocalizador resultaba perfectamente admisible cando o /b/ implosivo viña antecedido pola vocal /a/, dado que a máxima distancia articulatoria entre o núcleo e a marxe silábica do ditongo facía doada a súa emisión: era o caso de *ausente* ou *ausentarse* e era tamén a tendencia que fan supoñer hipercorreccións coma *abdiencia*, *abto*, *abtora*, *abtoridade*, *abtorisados* ou *cahsar* ‘causar’. Nos grupos secundarios con /b/ implosivo precedido de /a/ foi a vocalización da consoante en /u/ unha solución tamén moi frecuente que, coma nos primarios (cf. ABSIDA > *ousia*), podía conducir finalmente de /au/ a /ou/: *caudaes* e *coudaes*, *caudel* e *coudel*. Pola contra, a vocalización debía de resultar moi improbable cando tralo /a/ viña o grupo primario -BS + consoante-, dado que nesas condicións non era fácil manter unha coda silábica complexa (con semiconsoante velar e consoante trabante) seguida de consoante explosiva (cf. AUSCULTARE > *ascoitar*)<sup>3</sup>; é esta a razón, creo eu, pola que se documentan nestes casos formas con disolución da consoante implosiva a través dun probable proceso asimilatorio (*asconder*, *escuro*, *a escuso*) e non outras coma *\*ausconder*, *\*ouscuro* ou *\*auscuso*.

Fronte a estas tendencias espontáneas da fala sen dúbida gravitaba sobre a lingua escrita unha forte querencia latinizadora que conducía a mante-los grupos inalterados e, en

non poucos casos, a estende-lo <b> implosivo de xeito hipercorrecto. O panorama, pois, debía de concordar plenamente co que estamos afeitos a observar en tódalas denominadas linguas de cultura: unhas tendencias espontáneas da fala refreadas na escrita por gustos e inclinacións etimoloxizantes e conservadores.

### 3. Galego medio.

Se para o período medieval non temos outras fontes a que recorrer que non sexan os propios textos conservados, para os séculos con menor volume de produción escrita do noso idioma (XVI, XVII e XVIII) podemos dispoñer xa de testemuños directos de dous observadores que escribiron durante o setecentos: os padres bieitos Sarmiento e Sobreira. Deles os dous o que nos proporciona as noticias máis completas sobre o tratamento dos grupos consonánticos heterosilábicos en galego, e en concreto sobre os iniciados por /b/, é, sen dúbida, Frei Juan Sobreira (1746-1805), recolector dunha notable colección de voces coas que durante as súas expedicións polo Reino de Galicia foi cubrindo unhas *Papeletas de un diccionario gallego*.

Dalgunhas das anotacións con que encheu algunhas destas folliñas dedúcese que Sobreira opinaba que no seu tempo a norma galega para os grupos consonánticos heterosilábicos con /b/ implosivo era a conversión deste en vocal velar /u/. Os latinismos e outros neoloxismos que ó galego se incorporaban facíano a través desta transformación “patrimonializadora”:

AB Sílabas de muchas dicciones antiguas gallegas, que en el idioma actual de Galicia se pronuncia, y debe escribirse AU, como: *ausolución* y *austinencia* por los nombres antiguos *absolución* y *abstinencia* (Sobreira 1979: 3).

B. En medio de las dicciones extranjeras, cuando no hiere vocal, se convierte en U, como *Austemio* por *Abstemio* (Sobreira 1979: 343).

Convén reparar en que a finais do século XVIII, que é cando Sobreira debeu de escribir isto, non existía propiamente un rexistro culto para o idioma galego, polo que é normal que o monxe bieito estimase como a única solución propia do seu tempo a popular, é dicir, a que tomarían espontaneamente na fala do pobo os cultismos de entrada tardía incorporados a través do castelán, lingua de cultura dos letrados galegos daquel tempo. Manifestaba este autor ademais a súa opinión de que, cando menos no tocante a isto, non se debían abrir fendas entre a lingua falada e a escrita: a sílaba AB, dicía, “en el idioma actual de Galicia se pronuncia y debe escribirse AU”. É obvio, así e todo, que unha pronunciación respectuosa coa etimoloxía destas voces sería daquela perfectamente posible, sobre todo no falar da xente cultivada, pero parece que para Sobreira (e probablemente para moitos máis) esa non sería unha realización autenticamente galega, senón dictada polos modelos castelán ou latino. Así se debe interpretar, ó meu entender, a súa observación de que o /b/ en

posición interior non antevocálica era propio das “dicciones extranjeras”, pois o galego transformábo en /u/.

De todos xeitos, a oposición entre solucións con conservación da consoante e solucións coa súa vocalización en /u/ establecíaa o Padre Sobreira non só en termos de “estranxeiras” fronte a “propias”, senón tamén nos de “antigas” fronte a “modernas”, como pode verse lendo a entrada AB, anteriormente transcrita. Esta segunda oposición reproducíase puntualmente (e coherentemente) baixo as entradas *ausencia*, *ausencias*, *ausentado*, *ausentarse* e *ausente*, onde se catalogaban como antigas as formas *absencia*, *absentado*, *absentarse* e *absente*<sup>4</sup> (Sobreira 1979: 315-316). E outro tanto hai que dicir sobre os rexistros de *ausólto*, *aúsolucion*, *ausulucion*, *ausolvedeyras*, *ausolver*, *ausoluto*, *ausuluto*, *ausoluta*, *ausolutamente*, *ausulutamente* e *ausorto*, onde se etiquetaban *absolto*, *absolucion*, *absolver*, *absoluto*, *absolutamente* e *absorto* tamén como formas antigas (Sobreira 1979: 316-317). Finalmente, con *asurdo* (considerando *absurdo* como antigo) (Sobreira 1979: 288) exemplificábase tacitamente unha segunda vía resolutive para estes grupos consonánticos: a eliminación da consoante implosiva. Estoutra solución, por certo, verificárase tamén no caso dunha voz en que ó autor lle debeu de pasar inadvertida por completo esta circunstancia, porque probablemente descoñecía a súa etimoloxía e porque a súa forma, transmitida secularmente de xeración en xeración, habería moito tempo que estaba fóra de toda posible discusión: refírome a *aturar* (Sobreira 1979: 311), proveniente de OBTURARE. Finalmente, o padre bicito viña a documentalo mesmo tratamento en *asulagar(se)* e *asulagado* (Sobreira 1979: 288), onde a xa comentada restricción articulatoria vedaba toda posible vocalización velar.

A oposición “antigo / moderno” reiterábaa o Padre Sobreira a propósito da sílaba ABS-, pero mencionando entón explicitamente a segunda solución para evita-la posición implosiva de /b/: a súa supresión. Estas son as palabras con que enunciaba esta norma:

ABS. Todas las dicciones castellanas o gallegas antiguas, que se encuentren con esta inicial, se reducen a las de ÁUS, por lo dicho en AB, o en AS o en ES (Sobreira 1979: 40).

A ilustración do tratamento eliminador do /b/ viña inmediatamente despois:

ABSCONDER. V.a. ant. Lo mismo que *Esconder*.

ABSCONDIDAMENTE. Adv. m. ant. Lo mismo que *Escondidamente*.

ABSCONDIDO, DA. P.p. ant. de *Absconder* (Sobreira 1979: 40).

*Absconder*, por tanto, sería para el a forma do pasado e *esconder* a do século XVIII<sup>5</sup>. Máis adiante, e de acordo co xa dito, recadaba Sobreira novos exemplos da fala viva en que se patentizaban, sen coincidiren nunca na mesma voz, os dous tratamentos mencionados. Anotábanse *austinencia* e *aústèrse* e conceptuábase *abstinencia* como antigo (Sobreira 1979: 317); e para *astenido*, *asterse*, *astraherse* e *astrahido* abríanse entradas en



que se indicaba que *abstenido*, *absterse*, *abstraherse* e *abstrahido* eran formas antigas (Sobreira 1979: 286).

É obvio que estas observacións realizadas a propósito de AB- e ABS- tiñan nesta obra un correlato relativamente fiel nas que se facían verbo da sílaba AC-:

AC. Sílaba de muchas dicciones castellanas, no la hay ni la hubo en la Lengua Gallega, porque ésta no admite sílaba ni dicción con letra muda pendiente o final; y dicha AC castellana o pierde la C en gallego, como en *Ación*, o se convierte en AU o en AY, como en *Aución* y *Aución*.

AC. Sílaba de muchas dicciones gallegas antiguas, que ahora se escribe y pronuncia AU, como *Auto* por *Acto* y AY, cuando a su C se sigue otra C en la dicción, como *Aycidente* por *Accidente*, y A sola, como *Ación* por *Acción*, para cuyas reducciones non hay ley general, ni más regla que el uso, el cual en unas dicciones hace una de dichas reducciones, en otras hace otra, y en otras ha<ce> dos o tres (Sobreira 1979: 42-43).

Había coincidencia co expresado acerca de AB- no tocante a non admiti-lo galego este tipo consoantes en posición implosiva e a seren castelás as formas contemporáneas que as conservaban, pero introducíanse aquí algunhas novidades relativas ás solucións que a esta restricción articulatória se lle podían dar e facíase algunha precisión máis. En primeiro lugar, dicíase que as devanditas solucións podían se-la perda da consoante implosiva (*ación*) ou a súa vocalización, pero mentres que no caso de /b/ implosivo só se contemplaba a vocalización velar, no de /k/ rexistrábase tamén a palatal (*aucción*, *aición*)<sup>6</sup>. Ora ben, o que non atopaba Sobreira era unha norma que explicase por que en certos casos triunfaban unhas solucións e por que noutros se impoñían outras; non percibía regra ningunha que fixese previsible en cada palabra o triunfo dunha solución ou outra, de maneira que só cabería a terse ó uso establecido. Semella que non chegou a decatarse, probablemente porque os seus coñecementos non llo permitían, que xa na documentación medieval se observaba que, mentres que nos grupos consonánticos con /k/ implosivo se producían vocalizacións en /i/ (ou en /u/)<sup>7</sup>, nos que tiñan /b/ en tal posición as vocalizacións só conducían, polo menos ata onde eu sei, ata /u/. Pola miña parte, teño que facer ver ademais que, contra a tendencia que eu intuía a propósito da documentación medieval, Sobreira recollía da fala viva do seu tempo *austinencia* e *aústèrse*, con vocalización en /u/ nun caso con grupo primario -BS + consoante-, aínda que non *\*austerse*, nin *\*austenido*, nin *\*austraherse* nin *\*austrahido*, senón *astenido*, *asterse*, *astraherse* e *astrahido*; ó meu modo de ver, pódese manter para o galego medio (e para o actual, e para o medieval) a tese da dificultade articulatória que entrañan este tipo de codas silábicas, o que non implica necesariamente que sexan de todo punto imposibles.

O lector atento das *Papeletas* baterá nunha delas cun indicio de que o Padre Sobreira, ó tempo que repctía que o galego do seu tempo tiña tendencia a vocalizar en /u/ as consoantes oclusivas implosivas, advertía nestes resultados un certo aire vulgar que cando

menos non se resistiu a poñer de manifesto na papeleta de *aucion*, voz da que escribiu que era “lo mismo que *Acion*, pero [...] rústico” (Sobreira 1979: 312). Cabe aquí preguntarse varias cousas. ¿Que é o que non era rústico en galego ó final do século XVIII? Se tanto a eliminación da consoante implosiva coma as súas vocalizacións eran daquela tratamentos habituais en galego, ¿había unhas solucións sentidas como máis rústicas ca outras? ¿Como recoñecer estilos e graos de refinamento en galego nun momento en que sería sumamente improbable que mesmo os letrados puidesen percibir para el unha norma culta clara e pouco cuestionable? O que Sobreira di verbo de *aución*, ¿sería unha impresión exclusiva del, compartida con el por algúns poucos ou aceptada daquela pola xeneralidade dos galegos? ¿Non pesará sobre a devandita observación de Sobreira un prexuízo sobre o galego popular e, en definitiva, sobre o único galego realmente vivo neu seu tempo? Son, a meu parecer, dúbidas razoables que creo que lle restan creto á observación que o padre bieito fixo sobre *aución* e *aición* e para as que dificilmente atoparemos resposta nunha obra inacabada coma as *Papeletas de un diccionario gallego*, chea das lagoas e incoherencias máis ou menos importantes propias dun traballo que o seu autor non chegou a culminar e redondear.

Un destes elementos de contradicción que só o repaso da obra e a reflexión sobre ela podería eliminar é o que se encontra entre a primeira entrada de AC, onde se afirma que esta sílaba “no la hay ni la hubo en la Lengua Gallega”, e a segunda, na que se di que AC era “sílaba de muchas dicciones gallegas antiguas”. Inclínome a pensar, en vista da súa insistencia nisto, que a xuízo de Sobreira o mantemento destes grupos consonánticos fora propio da lingua antiga e que, por tanto, el coidaba que ese tipo de sílabas si se dera en galego en tempos pasados; un simple lapsus non corrixido podería explicar esta contradicción. Ora ben, é o certo que esta suposición do monxe non tiña grande fundamento, pois xa vimos como a documentación medieval ofrece testemuños tanto de conservación dos grupos coma de eliminación ou vocalización da consoante implosiva. En realidade, o seu coñecemento da nosa lingua medieval non debía de ser moi profundo.

Temos, en definitiva, que para este observador as formas co grupo consonántico heterosilábico conservado eran propias do galego antigo pero alleas a el, estranxeiras, castelás, no século XVIII.

No *Coloquio de 24 gallegos rústicos* do Padre Sarmiento (1695-1772) achamos vocalización velar nunha voz en que o contexto fonético do grupo consonántico a permitía libremente; refírome a *ousequios* (Sarmiento 1995: 247, 252), substantivo para o que o responsable da copia do romanzón conservada no Museo de Pontevedra preferiu, polas razóns que fose, *obsequios*. Quitando algunha esporádica excepción dalgún dos manuscritos que nolo transmitiron ata hoxe, para o galego escrito deste coloquio en verso o autor optou maioritariamente por non mante-los grupos consonánticos heterosilábicos inalterados, fosen cales fosen as solucións que lles dese: *afeutos* (verso 802.2), *defeutos* (verso 141.4), *Ynaciño* (verso 182.1), *reuto* (1062.2), *testos* (verso 872.2), etc. Tal vez de maneira intuitiva, Sarmiento debía de saber que as estruturas silábicas con consoante oclusiva en posición implosiva non eran patrimoniais en galego<sup>8</sup>. Por outra parte, aínda que con ela se refería especificamente ó portugués, non deixa de ser significativa a seguinte

observación: “Los portugueses escriben *objeto*, y pide la analogía se escribiese *objeyto*, y abreviando *ojeyto*” (Sarmiento 1970: 424).

Os datos recadables noutros textos do período medio teñen fácil encadramento no marco das tendencias ata aquí expostas. Na *Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores* (séc. XVII) temos *Solobio* (Monteagudo 1996: 360); na *Historia de don Servando* (séc. XVII) (cf. Souto Cabo 1996: s.v.), cadansúa documentación de *obiar* e *oubiar* e tamén *soterado*, *soterrados*, *soterarō*, *sotís*, *Solobio*, *sugetou*, o castelanismo *sojuzgar* e, fronte a todo isto, *Pago Obsequiario*<sup>9</sup>; no *Entremés famoso sobre a pesca do Río Miño* (séc. XVII), *sujeite* (Mariño Paz 1997); no volume das Festas Minervais compostelás de 1697 (cf. *Fiestas Minervales*), *obsequio* (páx. 39), *ostante* (páx. 54), *sojeita* (páx. 31) e *sojeito* (páx. 50); nos versos de Diego Antonio Cernadas y Castro (1698-1777), cura de Fruíme, *ausuluzon* (Cernadas y Castro 1778-1781: III, 318).

Tampouco achegan novidades os datos relativos ós grupos de formación secundaria tirados dos textos do galego medio revisados, non sendo, tal vez, o incremento na frecuencia de aparición de certos castelanismos. Na *Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores* lese *cidade* (Monteagudo 1996: 361); na *Historia de don Servando* (cf. Souto Cabo 1996: s.v.), *acaudillados*, *caudillos*, numerosas formas procedentes de CIVITATE con /b/ mantido (*cibdad*, *cibdade*, *cjbdade* e *cibdades*) fronte a bastantes menos con supresión da consoante (*çidad*, *cidade(s)*) ou con vocalización velar (*ciudade*) e proporcións semellantes de *cibdadao(s)* / *çibdadão* fronte a *ciudadao(s)* / *ciudadou*; no *Entremés famoso sobre a pesca do Río Miño* (Mariño Paz 1997), *cadal* ‘caudal dun río’ (< lat. CAPĪTALE) nun parlamento do fidalgo portugués, mentres que no *Catálogo de palabras gallegas* de José Cornide (séc. XVIII) se recolleu *caudal* (Martínez Barbeito 1956: 324); nos versos galegos das Festas Minervais compostelás de 1697 (cf. *Fiestas Minervales*), *cidade(s)* (pp. 31, 33, 36, 43, 45, 50, 51, 52) / *ciudad* (pp. 35, 38) / *ciudà* (pp. 40, 42), *deuda* (páx. 53) / *debedas* (pp. 46, 47) / *debedora* (páx. 52) e *duda(s)* (pp. 46, 47) / *dudar* (páx. 54) / *dubido* (páx. 34); nun dos poemas galegos do cura de Fruíme, *dudosa* (Cernadas y Castro 1778-1781: III, 318); no *Coloquio de 24 gallegos rústicos* de Sarmiento, *deudos* (Sarmiento 1995: 123); finalmente, entre as *Papeletas de un diccionario gallego* do Padre Sobreira, *arrecadar*, *arrecadado* e *recado* (Sobreira 1979: 257).

#### 4. Conclusión.

É evidente que de toda a exposición anterior se infire que tanto na etapa medieval coma na dos chamados “séculos escuros” o galego mostrou na fala unha constante resistencia a manter inalteradas as consoantes oclusivas implorivas que formaban parte dos grupos consonánticos heterosilábicos, e entre elas o /b/. Tal resistencia tendía a consagrar un modelo de estrutura silábica autenticamente patrimonial, cunha estrutura ideal CONSOANTE-VOCAL e, desde logo, sen consoantes oclusivas na coda. Estas inercias

seguen vivas na fala no día de hoxe, aínda que a entrada do galego nos rexistros formais veu revitalizando desde hai uns anos para aquí as forzas conservadoras, intensificando sobre todo a consideración pexorativa da vocalización velar e non tanto a da supresión da consoante implosiva.

As solucións que para a resistencia ó mantemento do /b/ implosivo se rexistraron na documentación revisada foron a súa liquidación (quizais a través dun proceso de asimilación ou tal vez suprimíndoa directamente) e a súa vocalización en /u/. Non encontrei ningún caso de vocalización con resultado palatal nos textos que analice. Limitacións articulatorias evidentes impediron a vocalización velar naqueles casos en que o /b/ implosivo viña precedido de /u/ (coma nas voces con prefixo SUB-) e fixérona de difícil mantemento nos grupos con -BS- seguido de consoante. Por contra, precedido de /a/ ou /o/ a vocalización velar do /b/ implosivo era particularmente doada e sostible.

As inercias articulatorias da fala víronse na escrita secularmente refreadas polas tendencias etimoloxizantes, que en non poucos casos levaron incluso a forxar formas gráficas hipercorrectas. No derradeiro cuartel do século XX, ó entrar por fin o galego polo vieiro da estandarización, superáronse os gustos e excesos vulgarizadores e diferencialistas triunfantes en décadas anteriores e impuxéronse para os cultismos con grupos consonánticos heterosilábicos as solucións escritas conservadoras, pois así o esixía unha prudente aplicación do criterio etimolóxico coa que se evitaba dar pasos en falso e se impedía que o galego quedase arredado dos principios hoxe dominantes nesta materia na representación gráfica de moitas das linguas románicas (cf. Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega 1995: 40-53).

## NOTAS:

<sup>1</sup> Tanto para os datos relativos a este texto coma para os que se refiren en xeral ó galego medieval remito fundamentalmente ó glosario de Lorenzo (1975-1977).

<sup>2</sup> Para os datos que cito a seguir cf. Lorenzo (1977: s.v.).

<sup>3</sup> Sobre algunhas restricións articulatorias na coda silábica galega cf. Dubert García (1995).

<sup>4</sup> Causa sorpresa que baixo a terceira entrada de AUSENCIA diga Sobreira que o seu latín era *usentia*. Isto significaría que para el non eran equiparables os termos "antigo" e "respectuoso coa forma latina", pero ó cabo non lle debemos dar importancia ó que probablemente non é máis ca un erro mecánico: pénsese, por exemplo, que para ASTERSE dá o étimo ABSTINERE (p. 286) e para *asurdo*, ABSURDUM (p. 288).

<sup>5</sup> Por contra, na entrada *andar ás escuras* (Sobreira 1979: 193) non se ofrece como "antiga" unha posible alternativa *andar ás obscuras*.

<sup>6</sup> E para o caso de grupos con /d/ implosivo contemplábase aínda unha solución da que non se daba conta para os dous anteriores: a introducción dunha vocal epentética (*ademinicolo*, *administración*, *ademetir*, *adequirir*, *adevertencia*, etc.) (Sobreira 1979: 74-80).

<sup>7</sup> Cf. *oytubro*, *oytubre*, *outubre*, *perfeyto* ou *respeito* en Lorenzo (1968, 1977: s.v.).

<sup>8</sup> No caso de -CT- a súa reflexión é explícita: "Dereito del latín *directus*. Cuando hay -CT- pierden los gallegos la -C-, y suelen diptongar la vocal, v.g.; *ucto*: *oito*, *pectus*: *peito*, *lectum*: *leito*. Otras veces no añaden l: *acto*: *ato*, etc." (Sarmiento 1970: 165).

<sup>9</sup> Neste falso cronicón titulado *Historia de don Servando* aparecen tamén as confusións *cabtivo* e *cabtiuas* (Souto Cabo 1996: 508), pero tamén *captiuada* (Souto Cabo 1996: 510).

## BIBLIOGRAFÍA:

- AITCHINSON, J. (1993): *El cambio en las lenguas: ¿progreso o decadencia?*. Barcelona: Ariel.
- CERNADAS Y CASTRO, D. A. (1778-1781): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime, D. Diego Antonio Cernadas y Castro, natural de Santiago de Galicia*, 7 tomos. Madrid: Joachin Ibarra.
- DUBERT GARCÍA, F. (1995): "Alguns aspectos da morfoloxía verbal e da estrutura da sílaba en galego: as vocais temáticas postónicas da C-II e da C-III en hiato", *Verba* 22, pp. 125-155.
- Fiestas Minervales, y/ aclamacion perpetua de las Musas, à/ la inmortal memoria de el Ilus/trissimo, y Excelentissi/mo Señor/ D. Alonso de Fonseca/ El Grande, Arzobispo de Toledo, y de Santiago,/ por/ sv Escuela, y Vniversidad,/ que/ afectvosamente las consagra, dedi/ca, y ofrece, al Excelentissimo Señor Conde de/ Monte-Rey, su Protector, Valedor,/ y Mecenas:/ Por mano de el doctor D. Ioseph Vare/la y Vasadre, Retor de dicha Vniversidad, y Prior de la Santa y/ Apostolica Iglesia de el Señor Santiago: Con acuerdo de el/ Claustro; y por su comision; de el Secretario, que/ obediente las descriue.* Con licencia. En Santiago: Por Antonio Frayz. Año de 1697. Ed. facsímil, con *Estudio literario das Festas Minervais Compostelanas de 1697* de X. Alonso Montero. Santiago de Compostela: Universidade, 1993.
- LORENZO, R. (1968): *Sobre cronologia do vocabulário Galego-Português (Anotações ao 'Dicionário etimológico' de José Pedro Machado)*. Vigo: Galaxia.
- LORENZO, R. (1975-1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada con introducción, índice onomástico y glosario. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo" [vol. 1: Introducción, texto anotado e índice onomástico, 1975; vol. 2: Glosario, 1977].
- MAIA, C. DE AZEVEDO (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: I.N.I.C.
- MARIÑO PAZ, R. (1997): "Edición do *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (1671)", *Ensaio. Revista de Teatro de Galicia e do Norte de Portugal* 1, [s.p.].
- MARTÍNEZ BARBEITO, C. (1956): "Don José Cornide y su *Catálogo de palabras gallegas*", *Boletín de la Real Academia Gallega* 27, pp. 291-349.
- MONTEAGUDO, H. (1996): "Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII: 'Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores'", in R. Lorenzo / R. Álvarez (eds.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 351-375.

- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 12ª ed. revisada (1ª ed.: 1982). [Santiago de Compostela]: ILG/RAG.
- SARMIENTO, FR. M. (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- SARMIENTO, FR. M. (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de Ramón Mariño Paz. [Santiago de Compostela]: Consello da Cultura Galega.
- SOBREIRA, FR. J. (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- SOUTO CABO, J. A. (1996): *A História de Dom Servando. Edição do manuscrito e estudo*. Tese de doutoramento (inérita). Santiago de Compostela: Universidade.
- TATO PLAZA, F. R. (1986): *Léxico das Actas do Concello de Santiago (1416-1422). Glosario (A-D), texto e concordancia*. Tese de licenciatura (inérita). Santiago de Compostela: Universidade.
- TATO PLAZA, F. R. (1994): *O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (séc. XV)*. Tese de doutoramento. Microficha. Santiago de Compostela: Universidade.